

NOTA INFORMATIVA AXENDA

Mércores 26

10.15 h.

Na EGAP, o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste ás xornadas de servizos sociais "A cooperación entre organizacións de acción social".

11.00 h.

Na sede de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, en San Caetano, o alcalde compostelán e presidente do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Xosé A. Sánchez Bugallo, e o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, Anxo Quintana, asinan un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades no ámbito da xuventude.

11.30 h.

Na sede da Mancomunidade (rueiro de Figueiriñas, nº 5), o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á xuntanza da asociación Sar-Ulla.

11.30 h.

No Salón Verde da Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de cultura, Néstor Rego, para presentar a obra **A raíña da beleza de Leenane**, que se representará o venres e o sábado no Teatro Principal ás 21.00 horas. Na rolda tamén estarán Xulio Lago, director da obra e María Barcala e Ruben Riós, membros do elenco.

12.00 h.

No Departamento de Deportes en San Lázaro, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Deportes, Manuel Portas para presentar e asinar o convenio de Colaboración entre os clubs de baloncesto Cluny e Pío XII. Na rolda tamén estarán Pedro Caldas, presidente do Clube de Baloncesto Pío XII; e Juan José Ruibal, presidente do Clube de Baloncesto Cluny.

12.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** de Marta Álvarez-Santullano, para presentar o inicio da campaña de inspección de contedores e o sorteo de premios.

13.30 h.

No Hostal dos Reis Católicos, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á conferencia-almorzo sobre "O papel das infraestruturas no desenvolvemento do Noreste peninsular", que pronunciará o ministro de obras públicas de Portugal, Mario Lino.

20.30 h.

No Auditorio de Galicia, o concelleiro de cultura, Néstor Rego e o comisario da exposición, David Barro inauguran a exposición **Sen Xeración**. Tamén estarán os artistas participantes na mesma.

Axenda cultural

Pódese consultar a axenda cultural en: www.compostelacultura.org

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2006